C O N C E L L O
A G U A R D A
(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 8	**PLENO DO CONCELLO**	
DATA DA SESIÓN: **28.07.2015**	CARACTER: **ORDINARIA**	CONVOCATORIA: **PRIMEIRA**
LUGAR: **SALÓN DE PLENOS**	HORA: **20:00 HORAS**	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ – ALCALDE

ASISTENTES:

Dª. Mª MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
Dª. ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
Dª. Mª TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
Dª. Mª DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
Dª. ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
Dª. Mª MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
Dª. Mª DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	CCD

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTEVENTORA XERAL

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (EXTRAORD. 10.06.2015, EXTRAORD. 13.06.2015 E EXTRAORD. 25.06.2015).

A Sra. Iglesias Ferreira pide que se voten por separado.

O sr. Rodriguez Fariñas pide o mesmo, xa que na primeira acta que se trae él nin siquera era concelleiro.

O sr. Baz Vicente pide que se voten por separado e di que se van a abster nas que non estiveron presentes.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

A señora Ortega Martinez sinala que na acta do 13 de xuño houbo un erro xa que o concelleiro Alvarez Carrero non prometeu senón que xurou o cargo. Ademais pide que o Sr. Rodriguez Fariñas retire o que dixo na sesión de 25 de xuño de 2015 sobre o traballo desta concelleira como responsable na asociación na que traballa.

Sometida a votación a acta de 10.06.2015 **foi aprobada polos concelleiros presentes naquela sesión, é dicir, cos VOTOS A FAVOR DE**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Lomba Alonso e Iglesias Ferreira (oito votos a favor); **e coa abstención** dos Sres./as Baz Rodríguez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Martinez Vazquez e Rodríguez Fariñas (nove abstencións)

Sometida a votación a acta do 13.06.2015**, coa corrección no xuramento do cargo do Sr. Alvarez Carrero,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 25.06.2015,** foi aprobada cos **VOTOS A FAVOR**: dos Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez e Rodríguez Fariñas (once votos a favor); **COA ABSTENCIÓN** dos Sres./as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez (cinco abstencións) e **CO VOTO EN CONTRA** da Sra. Iglesias Ferreira (un voto en contra).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DE DECRETOS.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

O señor Rodriguez Fariñas dase por enteirado.

O sr. Baz Vicente dase por enteirado.

A sra. Ortega Martínez dase por enteirada.

PUNTO 3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DO AVAL DEFINITIVO PRESENTADO POR TRANSGALAICA, S.L. NO CONTRATO DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA.

O sr. Alcalde da lectura á seguinte proposta:

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Vista a solicitude presentada por D. Pedro Iglesias Santos, en representación de TRANSGALAICA, S.L., adxudicataria do contrato de Concesión da Explotación da Piscina Cuberta Municipal mediante acordo plenario de 19 de febreiro de 2002 e

Vistos os informes emitidos por Secretaría e Intervención en datas 15 e 17 de xullo, respectivamente

propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Proceder á devolución da garantía solicitada por D. PEDRO IGLESIAS SANTOS, en representación de TRANSGALAICA, S.L.. por importe de 12.000,00 euros depositada para responder das obrigas derivadas da execución co contrato de Concesión da explotación da Piscina Cuberta Municipal da Guarda adxudicado por acordo plenario de data 19 de febreiro de 2002.

2.- Comuníquese o presente acto á Intervención e Tesorería Municipal.

3.- Notifíquese o presente acto finalizador da vía administrativa ós interesados, con indicación do réxime de recursos que legalmente correspondan.

A Guarda, 20 de xullo de 2015.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira pide que se lle explique o procedemento para a devolución do aval, sobre todo se é necesario esperar un ano para proceder a esta devolución ó que lle responde a Sra. Magallanes Avarez que está explicado nos informes de secretaría e intervención.

O sr. Baz Vicente sinala que a garantía debe ser devolta sin que o pida o contratista e di que existe un informe do concelleiro delegado que ampara esta devolución cando ese informe debe ser dun técnico. Considera que hai un retraso na devolución que podería chegar a ter custes para o Concello.

A sra. Magallanes Alvarez sinala que a devolución do aval ten que ser realizada polo Pleno e por eso non se puido facer antes.

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez, (sete votos a favor) **e coa abstención** dos Sres./as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dez abstencións).

PUNTO 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 29/2015.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

Vista a memoria de Alcaldía así como o informe emitido por Intervención no expediente de modificación de crédito 29/2015 mediante transferencia de crédito.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

En virtude do disposto no artigo 179.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cambio de destino da finalidade da operación de crédito concertada o 17 de xuño de 2009 co BBVA por importe de 77.262,00 euros para a realización da apertura da rúa Inguieiros, destinándose parte do mesmo e por contía de 5.500,00 euros á adquisición dun elevador para a piscina municipal.

Segundo.- Aprobar provisionalmente o expediente administrativo de modificación de crédito 29/2015, mediante transferencia de crédito, coa seguinte distribución:

Aplicación Orzamentaria cedente á vista da memoria de alcaldía:

1. 153.1 619 Rúa Inguieiros 5.500,00 €

Aplicación orzamentaria que debe recibir o crédito cedido á vista da memoria poderían ser:

34202 623 Piscina municipal. Maquinaria 5.500,00 €

Na tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 29/2015 seguiranse as normas establecidas nos artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, nos artigos 40, 41, e 42 do Real Decreto 500/90, e na base de execución 9ª do orzamento xeral do Concello da Guarda para o ano 2015.

O expediente administrativo de modificación de crédito 29/2015 quedará aprobado definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario se no período de exposición ao público de aquel non foran presentadas reclamacións.

A Guarda, a 17 de xullo de 2015

O Alcalde,

Antonio Lomba Baz

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que non entende a memoria xa que nela se mezclan moitos conceptos e ademais pide que se lle expliquen os orzamentos presentados para a cadeira hidráulica xa que, ó non asistir a comisión de asuntos plenarios, non puido ter estas aclaracións antes.

O sr. Rodríguez Fariñas manifesta que se alegra de que se tomara esta decisión de resolver un problema ás persoas que teñen mobilidade reducida e quere recordar que ainda está pendiente de resolver o asunto de Valentín González pedindo a mesma celeridade para o mesmo. Di que non opina respecto a maquinaria elixida porque non entende dese tema.

O sr. Baz Vicente di que o feito de que sexa a modificación nº 29 indica que existe improvisación á hora de facer os orzamentos municipais. Debe distinguirse se se trata de dotar de equipamento ou de maquinaria á piscina xa que podería facerse cargo desto a propia concesionaria. Engade que, en calquera caso, o BNG está a favor de eliminar barreiras arquitectónicas. Remata dicindo que o modelo de xestión da piscina municipal non o comparten e vanse abster para non ser obstáculo na aprobación deste punto.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

A sra. Ortega Martinez di que lle parece que a obra que se vai facer é importante e que, como non hai outra maneira de solucinalo, van votar a favor desta modificación de crédito.

A sra. Magallanes Alvarez di que, dada a importancia desta obra, non se podía agardar ó ano que ven para realizala e que a única maneira levala a cabo é esta. Agradece o apoio dos diferentes grupos.

A sra. Iglesias Ferreira di que está a favor de realizar esta obra e que non vai ser obstáculo para a súa aprobación.

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez e Rodríguez Fariñas (trece votos a favor) **e coa abstención** dos Sres./as Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (catro abstencións).

PUNTO 5.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICAIL DE CRÉDITO Nº 4/2015.

O sr. Alcalde da lectura á proposta seguinte:

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos diferentes acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (articulo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o articulo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e articulo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, proponse a adopción do seguinte acordo,

PRIMEIRO.- *Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2015 por importe total de 35.796,56 euros co detalle da relación que se adxunta.*

SEGUNDO.- *Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente correspondan.*

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

ABRESE O DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira entende que os servizos realizados hai que pagalos e pregunta concretamente por una factura de Nea Gatsa e por outra de compra de caramelos para a cabalgata de reis.

O sr. Rodríguez Fariñas pregunta se non hai empresas locais que distribúan caramelos que hai que ir a mercalos fóra. Di que hai recoñecementos extraxudiciais

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

que considera que non se axustan á legalidade e remata sinalando que lle parece incomprensible que se estea pagando agora una factura de FENOSA do ano 2014 e que vai votar en contra.

O Sr. Español Otero di que se paga agora porque a rexistraron no 2015.

O sr. Baz Vicente tamén incide en que os servizos prestados hai que pagalos pero que este recoñecemento non ven motivado só pola data do rexistro das facturas senón que, como dí a interventora no punto 3, algunhas non se puideron pagar por falta de crédito.

A sra. Ortega Martinez incide na factura dos caramelos pedindo que se apoie o comercio local.

A sra. Magallanes Alvarez informa que o Concello da Guarda ten todo pagado ata o 19 de xullo de 2015 e que o único xeito de pagar servizos prestados no ano 2014 cuias facturas foron presentadas no 2015 é este. Respecto a factura dos caramelos explica que se intentou comprar na vila pero non foi posible porque non podían soportar o periodo de pago.

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez, (sete votos a favor), **co voto en contra** do Sr. Rodríguez Fariñas **e coa abstención** dos Sres./as Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións).

PUNTO 6.- DAR CONTA DO ENVÍO O MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DA EXECUCIÓN DO 1º TRIMESTRE DO ORZAMENTO MUNICIPAL.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

PUNTO 7.- MOCIÓNS

O sr. Alcalde explica que se presentou por urxencia una moción por parte de Ciudadanos de Centro Democrático relativa ó pago do aparcamento no novo Hospital Alvaro Cunqueiro de Vigo e que, é necesario primeiramente votar a urxencia para incorporalo á orde do día.

O sr. Baz Vicente di que o BNG xa presenta una moción que contempla este feito.

A sra. Ortega MArtinez di que non entende a urxencia xa que o pago do estacionamento non se decidiu agora senón que xa se sabía.

A sra. Iglesias Ferreira di que trae esta moción por urxencia porque saiu estes días na prensa e afecta os vecinos da Guarda.

Sometida a votación a urxencia **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez,

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira (doce votos a favor) **e coa abstención** dos Sres./as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez (Cinco abstencións), polo que se incluirá como a última moción da orde do día.

- **MOCIÓN CON RE 4.278 DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS.**

A Sra. Ortega Martinez le a seguinte moción:

De la importancia del Grupo de Emergencias Supramunicipales (GES) de A Guarda, nadie duda en A Guarda ni en la comarca, las memorias de Actividad del GES A Guarda así lo avalan, y estos últimos días las fatalidades ocurridas en la Comarca, ponen aun más, si cabe, de relieve la importancia de este organismo que en su día fueron creado a través del convenio de colaboración entre Xunta de Galicia, Federación de Municipios, y Diputaciones provinciales para sustituir al Grumir. El Grupo de Emergencias Supramunicipales atiende incendios forestales y urbanos, accidentes, trabajos forestales preventivos, situaciones de riesgo por climatología como los numerosos temporales que vivimos en A Guarda, en resumen, cualquier situación de emergencia, peligro, riesgo o todo lo que suponga prevención de la mismos, en los ayuntamientos de A Guarda, Tomiño O Rosal y Oia.

No olvidemos la ubicación de A Guarda, el pueblo más alejado en la comarca del Baixo Miño del GES más proximo o unidad de Bomberos. Solo imaginar un incendio en una vivienda en A Guarda, y que tuviese que intervenir una unidad de Bomberos de O Porriño, que puede estar ocupado en localidades muy alejadas de A Guarda, podrían hacernos concluir que acabaría en tragedia el incididente, del cual nos lamentaríamos por no haber hecho nada por la continuidad del GES. De igual forma pasaría con un accidentado en un vehículo que necesitase una excarcelación rápida o una persona que cae al mar, o cualquier otra situación de peligro.

Además conocemos la profesionalidad de los efectivos del Ges de A Guarda, con turnos de 24 horas, así como sabemos que es uno de los Grupos de Emergencias más activo entre todos los creados en el año 2013 según estadísticas, con más de 900 intervenciones en un año.

Reconocemos que el coste de mantenimiento (en la parte municipal) de este importante e imprescindible servicio es elevado, pero que es prioritario mantenerlo. Este servició debe estar garantizado a pesar de lo que supone en los presupuestos municipales, y sí es posible crear una ordenanza que reduzca el coste para el ayuntamiento y por tanto para los guardeses, y el partido popular quiere impulsarla.

Por todo esto el Partido Popular pide que se adopte la siguiente medida :

Que el grupo de gobierno traiga a este pleno, en el menor plazo posible, una ordenanza fiscal que regule las contribuciones especiales, por las cuales el Ayuntamiento recaude a través de estas tasas, parte del coste del servicio prestado por el GES a las compañías de seguros, de forma que si el riesgo no está cubierto

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

por ninguna entidad aseguradora, la tasa pasa a ser de 0 euros. La cuota tributaria de dicha ordenanza se cuantificaría en función del número de operarios y el material utilizado,

A sra. Ortega Martínez defende a continuidade do GES e que farán o posible para a súa viabilidade. Fai mención das carencias deste corpo en comparación cos GES doutros concellos. Por último defende tamén a continuidade de Protección Civil.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira recorda que este tema xa se trouxo a pleno na anterior lexislatura e que dubida da legalidade desta ordenanza polo que pide un informe sobre o mesmo. Di que, se este informe é favorable, votará a favor.

O sr. Rodriguez Fariñas tamén recorda que o seu grupo xa trouxo este asunto fai un ano e medio e non foi adiante porque se pedían una serie de informes que agora o mesmo grupo que pedía estes informes, non os aporta, polo que lle sorprende esta cambio de actitude. Hai que garantizar a continuidade do GES e para eso hai que sufragar os gastos. Sinala que na proposta que presentaron os propios membros do GES hai modelos para copiar aquelo que sexa oportuno de cara a elaboración da ordenanza. Di que sería importante que os membros do GES pasarán revisións físicas para saber se son aptos para esta función. Comparte o criterio de crear un coordinador directo dos GES. Anuncia o respaldo do seu grupo a esta moción.

O sr. Lomba Alonso lamenta en primer lugar o uso do castelán nas mocións por parte do Partido Popular e agradece que separen esta moción en concreto da que presenta o BNG xa que esta última é moito máis profunda que a presentada polo PP. Pídelle o equipo de goberno que diga se esta moción non debería ir acompañada dun informe.

O sr. Español Otero sinala en primeiro lugar que é evidente que o aspecto resolutivo desta moción difiere moito da do BNG. Recorda que fai anos xa se presentara unha moción neste sentido e que se solicitou un informe ós servizos xurídicos no que indicaban que non se podía aplicar unha taxa ó servizo de emerxencias ainda que se foi comprobando cos anos que había concellos que sí aprobaran ordenanzas que permitían o cobro deste tipo de taxa. Nese momento se lle trasladou os servizos municipais a intención de crear esta ordenanza pero que, debido á ausencia de tesoureira non foi posible levar a cabo. Agora xa se iniciaron os trámites para a súa creación e aprobación pero trátase dunha labor complexa.

Recoñece que posiblemente o GES teña carencias pero recorda os inxentes esforzos económicos do Concello da Guarda para dispoñer deste servizo tendo en conta que tivo que formarse dende cero. Di que se trata dunha competencia impropia do Concello pero que no ano 2013 a Xunta de Galicia comunica que coa creación dos GES van desaparecer os GRUMIR e o Concello da Guarda quedaría sin ese servizo. Naquel entón non se coñecía o gravoso que ía ser o convenio asinado para ser a sede do GES. Indica que logo dunha reunión coa FEGAMP chegouse a un acordo polo cal se lle remitirían aquelas modificacións que se propuñan ó convenio. Engade que non é de recibo que os gastos deste servizo, que hai que prestar a outros concellos como Oia, O Rosal, Tomiño e Tui e que ademais é competencia da Xunta de Galicia, teñan que ser sufragados exclusivamente polo Concello da Guarda. Di

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

que o motivo polo que se aceptou naquel momento ser base do GES non foi outro que a distancia entre A Guarda e o posto máis cercano dos bombeiros que está en Porriño. Remata dicindo que entende a preocupación dos traballadores do GES pero sinala que o Grupo de Goberno vai seguir mantendo o GES e que vai traballar para que sexa a Xunta de Galicia quen dote económicamente este servizo. Respecto dos medios do GES informa que está concedida unha zodiac e un remolque e se están xestionando outros materiais apropiados para este servizo.

O sr. Rodriguez Fariñas recorda que cando se pretendeu elaborar a ordenanza para cobrar este servizo ainda se trataba do GRUMIR, non dos GES. Di que ten claro que é legal senón tería haber alcaldes no cárcere xa que están aplicando ordenanzas similares. Engade que hai que seguir traballando neste sentido para aprobar esta ordenanza e para conseguir unha vía de financiamento.

O sr. Lomba Alonso di que parece que se está a debatir a moción do BNG. DI que para o BNG a argumentación desta moción é insuficiente, non obstante votarán a favor desta moción para aprobar unha ordenanza.

A sra. Ortega Martinez indica que a solicitude de informes retrasou a aprobación desta ordenanza e que a súa legalidade queda demostrada tanto no documento que presentaron os propios membros do GES a primeiros deste ano, como na existencias desta ordenanza noutros concello ou no feito de que as compañías de seguros pregunten pola conta onde pagar estes servizos. Remata dicindo que o importante é o tema dos GES e non a lingua que se empregue para defendelo.

O Sr. Lomba Alonso pídelle á portavoz do Partido Popular respeto hacia a lingua galega.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **RE 4.338 DO PP.- SOBRE DOTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS E DUCHAS**

A sra.Ortega Martínez le a seguinte moción:

Nos últimos tempos, o pobo guardés e os visitantes que se achegan a nosa vila, están falando de certas carencias dotacionais en lugares públicos de gran concurrencia. Este é o caso da Alameda, o Porto e o Monte Santa Trega, onde nos chegan queixas de que faltan servizos públicos, especialmente por persoas maiores e nenos.Do mesmo xeito, os usuarios das pequenas praias urbanas de O Carreiro e O Cangrexal, solicitan que se doten de duchas.Os Grupo dos Populares entendemos que unha vila como A Guarda, que foi nomeada Destino de Excelencia Europea Eden, ten que ter necesariamente unhas comodidades e unhas dotacións mínimas acordes a esa distinción turística. Por todo o dito anteriormente, o Partido Popular pide:a Instalicion de uns servicios públicos autolimpables en lugares accesibles na

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Alameda, o Porto e o cumio do Monte Santa Trega. Do mesmo xeito, insta ao Goberno Municipal que solicite permiso a Portos de Galicia para instalar unha ducha na praia do Carreiro e outra na do Cangrexal.

Matiza que retiran da moción todo ó relativo á Praia do Carreiro porque xa está instalada e que o motivo desta moción é a continua queixa dos veciño e usuarios das praiaS.

ABRESE O DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira manifesta que está de acordo coa moción xa que hai que dotar de servizos todas as praias e lugares máis visitados ainda que os baños non sexan autolimpables debido o seu custe.

O sr. Rodriguez Fariñas pide tamén o mesmo trato para a Praia de Fedorento que ten unha gran afluencia de bañistas. Considera que debe facerse un estudio polo departamento de turismo sobre os lugares con maior afluencia de persoas e dotalos de servizos progresivamente en función do número de persoas que se congreguen nos lugares en cuestión. Remata dicindo que se van a abster.

O sr. Baz Vicente recoñece que a situación económica do Concello non permite dotar de todos os servizos necesarios pero fai fincapé na dotación de servizos para as persoas que teñen movilidade reducida xa que éstes non poden acudir os servizos que se poden ofrecer na zona; por esta razón piden maior urxencia para dotar de servizos a este colectivo.

A sra. Magallanes Alvarez pide que a moción se divida en dous puntos diferentes:

- por un lado a instalación de duchas, respecto da cal di que se están cambiando éstas por lavapés. Di que as praias de Fedorento e o Carreiro están dotadas dos servizos e puntualiza que a Praia do Carreiro é portuaria e nela non está permitido o baño; ainda así houbo conversas con POrtos de Galicia para que autorice a colocación dun lavapés.
- Por outro lado a dotación de servizos públicos autolimpiables; respecto destes di que o custe é tan elevado que non se pode instalar en todos lados.

A sra. Ortega Martinez pregunta que se elimina o concepto de autolimpiables cambiaría a postura o equipo de goberno.

A sra. Magallanes Alvares di que, nese caso, habería que estudialo.

O sr. Español Otero dille á portavoz do Partido Popular que se retira da moción o punto relativo ós baños autolimpiables votarán a favor da mesma.

A sra. Ortega Martinez dí que retira este punto.

O sr. Alcalde sinala que se vai votar polo tanto só o seguinte punto: Instar ó goberno municipal que solicite permiso a Portos de Galicia para instalar unha ducha na Praia do Cangrexal.

Sometida a votación a moción **só no referente ó sinalado no parágrafo anterior** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**:

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **RE 4.472 DO PP.- MOCIÓN SOBRE LIMPEZA DOS CONTENEDORES DE LIXO**

A sra. Ortega Martinez le a seguinte moción:

Son moitísimas as queixas dos veciños de A Guarda sobre a suciedade e o mal cheiro dos contedores de lixo existentes en todo o concello.Cando chega a época estival, e debido ao incremento do número de habitantes, a cantidade de recipientes faise insuficiente para aloxar o excedente de lixo que se xera, chegando a rebosar en moitas ocasións. Por outra banda, a calor acelera o proceso de putrefacción da materia orgánica, producindo un cheiro insoportable que resulta cando menos incómodo, por non dicir un posible problema de saúde pública.

Se a molestia é grande nas zonas residenciais e nas rúas céntricas diante de supermercados, na zona do porto é maiúscula, debido a que, con tantos restaurantes e marisquerías, a gran cantidade de restos de comidas e marisco, fermenta de forma acelerada dentro dos contedores (mesmo os soterrados), despedindo un cheiro moi desagradable para os paseantes e para os que están comendo nas terrazas.

Recordemos que o caso do porto de A Guarda, é un dos lugares máis visitados e valorados polos veciños e visitantes, polo seu encanto a nivel visual e gastronómico. Non debemos botar a perder esta fortaleza turística por un simple problema de mantemento.

Por todo o dito anteriormente, o Partido Popular de A Guarda propón o pleno do Concello para o seu debate e aprobación si procede:Que se tomen as medidas necesarias polo Grupo de Goberno para que se solucione de inmediato este serio problema, reforzando as operacións de limpeza e desinfección dos contedores, e aumentando a frecuencia de recollida do lixo nas zonas que así o precisen.

Engade que coñecen a ordenanza pero entenden que a recollida que contemplan no Porto é insuficiente.

ÁBRESE O DEBATE:

Sinala que coñecen a ordenanza pero entenden que a recollida que contemplan no Porto é insuficiente.

A Sra. Iglesias Ferreira di que van votar a favor.

O sr. Rodríguez Fariñas tamén se manifesta no mesmo sentido.

O sr. Baz Vicente di que unha cousa é o que dí a ordenanza e outra ben distinta é o que pasa realmente. Sinala que os locais do porto son os que máis pagan por recollida de lixo e que non existe un tratamento acorde cos impostos que pagan. Fala dunha deficiente recollida dos contenedores de lixo.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O Sr. Rodriguez Gonzalez di que o Concello está a facer grandes esforzos para levar a cabo unha recollida de lixo e unha limpeza axeitadas e especialmente no porto. E que agora van dirixir os esforzos ós veciños nunha labor de concienciación. Critica a mala praxis dalgúns hosteleiros á hora de depositar o lixo. Respecto da recollida do vidro recorda que é unha concesión da Xunta de Galicia a Ecovidrio pero que ainda así o Concello está a recollelo dada a mala xestión da Xunta de Galicia neste aspecto. Remata dicindo que a normativa non permite depositar o lixo fóra dos contenedores cando estes están cheos.

O sr. Baz Vicente di que en lugar de subir a taxa do lixo o que deberían facer é premiar as boas actitudes. No que respecta a utilización da bolsas sinala que hai que pararse a pensar no tamaño das bocas dos contenedores soterrados xa que o seu reducido tamaño no permite meter as bolsas de lixo industriais que se utilizan en hostelería.

O sr. Español Otero puntualiza que o goberno socialista non subiu a taxa do lixo en oito anos.

O sr. Rodriguez Gonzalez remata dicindo que o pobo da Guarda é un dos máis cívicos de Galicia.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **RE 4.578 DO PP.- SOBRE UBICACIÓN DAS CASETAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NAS ENTRADAS DA GUARDA**

A sra. Ortega Martinez le a seguinte moción:

Todos os veráns estanse a colocar de forma rutinaria as casetas de información turística no Monte Santa Trega e no porto da Guarda.

Non sabemos qué criterio segue o concello para decidir cal é o sitio máis adecuado para informar aos visitantes. Nós, os Populares da Guarda fixemos recentemente unha pequena enquisa aos forasteiros que chegaron á nosa vila, e todos coincidiron en que prefiren informarse antes de entrar no concello, que perderse por el, ou mesmo pasar de longo, como ocorre moitas veces.

A situación actual do tráfico, coa dirección única da Rúa Concepcion Arenal, implica que os autobuses con turistas non poidan chegar ao Porto, o que supón non poder acceder á oficina de turismo, e coñecer a información que alí se lles facilita.

Non só isto, a maioría dos turistas que visitan o Trega, non visitan o casco da Guarda, o Porto, o Castelo... Polo que consideramos que reubicar as oficinas de turismo, e por suposto devolver o dobre sentido de Concepcion Arenal serán, no futuro, solucións para mellorar a situación económica da Guarda, moi debilitada nos últimos tempos.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Aínda que sexan casetas precarias e non acordes coa importancia turística da que goza A Guarda (recordemos que é Destino de Excelencia Europea Edén), a ubicación estratéxica dos puntos de información son fundamentais para axudar a promocionar a nosa vila con eficacia.Por todo o dito anteriormente, o Partido Popular pide ante o pleno da Guarda:Que o Grupo de Goberno reubique de inmediato ditas casetas informativas, situando unha na entrada por Baiona, na recta da Avenida de Donantes de Sangue e a outra nas inmediacións de San Roque, na saída do vial.

Todos os veráns estanse a colocar de forma rutinaria as casetas de información turística no Monte Santa Trega e no porto da Guarda.

Non sabemos qué criterio segue o concello para decidir cal é o sitio máis adecuado para informar aos visitantes. Nós, os Populares da Guarda fixemos recentemente unha pequena enquisa aos forasteiros que chegaron á nosa vila, e todos coincidiron en que prefiren informarse antes de entrar no concello, que perderse por el, ou mesmo pasar de longo, como ocorre moitas veces.

A situación actual do tráfico, coa dirección única da Rúa Concepcion Arenal, implica que os autobuses con turistas non poidan chegar ao Porto, o que supón non poder acceder á oficina de turismo, e coñecer a información que alí se lles facilita.

Non só isto, a maioría dos turistas que visitan o Trega, non visitan o casco da Guarda, o Porto, o Castelo... Polo que consideramos que reubicar as oficinas de turismo, e por suposto devolver o dobre sentido de Concepcion Arenal serán, no futuro, solucións para mellorar a situación económica da Guarda, moi debilitada nos últimos tempos.

Aínda que sexan casetas precarias e non acordes coa importancia turística da que goza A Guarda (recordemos que é Destino de Excelencia Europea Edén), a ubicación estratéxica dos puntos de información son fundamentais para axudar a promocionar a nosa vila con eficacia.Por todo o dito anteriormente, o Partido Popular pide ante o pleno da Guarda:Que o Grupo de Goberno reubique de inmediato ditas casetas informativas, situando unha na entrada por Baiona, na recta da Avenida de Donantes de Sangue e a outra nas inmediacións de San Roque, na saída do vial.

ABRESE O DEBATE

O sr. Rodriguez Fariñas lle pide o concelleiro que se criou una rúa Donantes de Sangue que lle explique en que sitio van a parar os autobuses e os coches para ir a caseta de información. Pide que se estudien máis as mocións que se presentan e que tamén deben opinar os veciños da Guarda e non os forasteiros como dí a moción presentada. Continua insistindo que non é posible estacionar autobuses na rúa Donantes de Sangue e respecto da caseta que se pretende instalar en San Roque considera que sería un foco de sancións de tráfico. Di que as mocións hai que estudialas un pouco mais. Non apoiará a moción.

A sra. Iglesias Ferreira cre que os lugares actuais quizás non sexan os mellores pero as propostas do PP non as ven ben. Non vai apoiar a moción.

O sr. Baz Vicente cre que a ubicación actual non é mala só que hai que mellorar a sinalización. Sinala que non van apoiar esta moción.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

A sra. Magallanes Alvarez di que as casetas de informacion turística suelen estar onde hai concentración de persoas. Na Guarda hai 4 puntos de información turística: O Monte, que é indiscutible, o Porto que é moi demandada polos restauradores, o cOncello e o Centro Cultural; todos eles lugares onde se concentran visitantes. Lle pide ó PP que retire a moción.

A sra. Ortega Martinez di que a retirará pero que vai presentar una moción para a convocatoria da mesa de turismo onde se debatiría entre outros este tema.

A moción queda retirada .

- R.E 4.582 DO BNG .- SOBRE A TRANSVERSAL INGUEIROS

O sr. Baz Vicente le a seguinte moción:

Que o transversal de Inguieiros é un perigo non é unha novidade. O estado desta rúa non se pode describir menos que de perigoso, sobre todo cando chove. O feito de ter os seixos ao descuberto convértena nunha pista de patinaxe, os veciños e veciñas que a diario pasan por alí teñen que extremar as precaucións para non caer polo esvaradío do terreo.

Esta situación agravouse co a última actuación realizada polo grupo de goberno na rúa de Inguieiros, a impermeabilidade do terreo fai que toda a auga corra pola superficie do transversal se ningún tipo de control, polo que aumenta máis aínda o perigo para a veciñanza.

Temos que lembrar que o estado deste camiño xa tivo consecuencias nefastas para unha veciña, resultando seriamente ferida e con secuelas. Polo que compre salientar a necesidade de acometer a reforma deste vieiro para solucionar os problemas de augas e o do propio firme.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo

O concello iniciará os trámites para a redacción dun proxecto de reforma e execución do tramo transversal Inguieiros. Para iso, buscará financiamento, ben sexa con fondos propios ou por medio da inclusión nalgún plan provincial da Deputación de Pontevedra ou da Xunta de Galiza.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que vai apoiar a moción.

A sra. Ortega Martinez di que vai apoiar a moción.

O sr. Español Otero recorda que a señora caiu fai nove anos e non despois das actuación deste goberno que consistiu en botar formigón por petición dos propios vecinos. Recoñece que si que hai que canalizar as augas e que está previsto facelo en canto se poida.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **R.E 4.698 .- MOCIÓN PARA FACER PÚBLICO O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A GUARDA ANTES DE LEVAR A PLENO A SÚA APROBACIÓN INICIAL**

A sra. Iglesias Ferreira le a moción:

Dado que el alcalde de A Guarda nos transmitía pocos días después de celebradas las elecciones municipales del 24 de mayo, su interés por llevar a pleno la aprobación inicial del Plan Xeral de Ordenación Municipal cuanto antes y ya que se trata de un tema de tanto interés para el futuro de todos los guardeses y guardesas, creemos que es necesario hacer público ese plan, durante un período de tiempo donde se puedan recoger sugerencias y poder llevar a cabo modificaciones, buscando el interés general y dando participación a los vecinos y vecinas, demostrando así la transparencia del gobierno local, implicando a todos los sectores y explicando el porque de las decisiones tomadas en cada parroquia o barrio. Entendemos que el PXOM debería dar soluciones y no generar problemas, buscando el consenso y el apoyo del mayor número posible de representantes en este plenario, atendiendo a todas aquellas propuestas que puedan mejorarlo.

Por tanto, desde CCD,

SOLICITAMOS AL PLENO DE A GUARDA:

el apoyo a esta propuesta para hacer público el Plan Xeral de Ordenación Municipal antes de llevar a pleno su aprobación inicial, para que los grupo políticos y los vecinos y vecinas puedan hacer sugerencias, propuestas y consultas, dando transparencia y abriendo vías de participación a un documento de vital importancia para el futuro de A Guarda

FDO.: Fátima Iglesias Ferreira
CCD A GUARDA
A Guarda, a 15 de Julio de 2015

ABRSE O DEBATE:

O sr. Rodriguez Fariñas alégrase desta moción e di que Converxencia Galega foi mais alá e ten exposto o público o borrador do PXOU. Recorda que o partido popular falou da ilegalidade desta exposición pero el dí que non é ilegal. Tamén colgaron o informe da xunta sobre o Plan Xeral para que os vecinos saiban da gran cantidade de erros do mesmo. Remata dicindo que a exposición publica débese a que eles son meros representantes dos veciños e teñen dereito a coñecelo. Van apoiar a moción e piden o resto dos grupos que a apoien.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O sr. Lomba Alonso di que non van a votar a favor desta moción e pide informe xurídico sobre a legalidade da exposición deste documento que non existe porque non se pode falar de Plan Xeral mentras non haxa aprobación inicial. Di que esta publicidade que se pretende pode ser selectiva e non xenerica como debe ser. A forma de facer política do BNG non é esta. Reclámalle o equipo de goberno que permita estas mocións sin ningún tipo de informe que as avale.

A sra. Ortega MArtinez di que a súa opinión queda postposta ata que se lle informe por parte de secretaría.

O sr. Alcalde di que o equipo de goberno ten moito interese no Plan Xeral e que foi un compromiso electoral. ENtende que é o momento de tomar unha decisión sobre a aprobación do PXOU. Diiríxese ó BNG para dicirlle que se alegra da sua postura favorable ó Plan. Dille a sra. Iglesias Ferreira que dá a sensación que non quere que se aprobe o Plan xa que volver a exposición pública do avance é ir para atrás. Agora só queda una vía que é a aprobación inicial. Engade que o Plan modificouse despois do avance por criterios técnicos impostos pola Xunta de Galicia. Agora o Plan Xeral só está a espera de ter os apoios necesarios para a súa aprobación inicial. Di que está convencido de que o que fai Converxencia Galega é ilegal. Pide votar en contra desta moción para poder avanzar na aprobación do Plan Xeral. Sinala que haberá una exposición pública cando proceda legalmente.

A sra. Iglesias Ferreira di que non sabe se é legal o que fai Converxencia Galega pero que o grupo do que formaba parte ela mantivo o compromiso de non publicalo. Di que o seu grupo só prentende abrir vías e que propuxo modificacións ó Plan e que o anterior alcalde lles dixo que estaba pechado e que non cabian modificacións. Entende que deste xeito se pecharon portas ó entendemento para acadar un maior consenso ó respecto. Di que ela tamén ten interese en aprobar o plan e que quere un Plan Xeral participativo e transparente.

O sr. Lomba Alonso di que é obvio que o Plan Xeral ten una carga política e que o seu grupo xa anunciara que certo convenio asinado anos atrás entre o PSOE e o PP tería consecuencias no Plan Xeral do Concello da Guarda. O BNG tamén quere un Plan participativo.

O sr. Alcalde di que non ten constancia de que o sr. Dominguez Freitas lles dixera que non se podían facer modificacións ó Plan e que o grupo de goberno anterior estivo esperando polo Partido Popular para levar a cabo a aprobación. Recórdalle a Sra. Iglesias Ferreira que ela comprometeuse a falar con Consultora Galega para propoñerlle modificacións e logo falar co equipo de goberno para confirmar o seu apoio a una aprobación inicial e que nunca houbo resposta pola súa parte.

A sra. Ortega Martinez di que o problema do Plan Xeral é complexo. Informa que estiveron reunidos coa Secretaria Xeral de Urbanismo e que lles recomendou que se aprobara inicialmente o Plan. Di que están estudiando o Plan e que xa atoparon erros técnicos, engadindo que o grupo de goberno lles dixo que estaban abertos a suxerencias. O partido Popular vai proponer cambios ó PXOU da Guarda.

Sometida a votación a moción obtivo os **VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dous votos a favor), os **VOTOS EN CONTRA** dos sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos en contra) e

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

ABSTENCIÓN dos Sres/As. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Martinez Vazquez (oito abstencións) polo que dita moción **non prospera.**

- **RE 4692 de JOSE ELIAS REBOLLAR VEGA ASUMIDA POLO GMS.- DE APOIO Á SOLICITUDE DE MEDALLA DE GALICIA PARA ANDRES DO BARRO.**

O Sr. Español Otero le a seguinte moción:

Dende fai bastante tempo, un grupo de persoas, vimos reivindicando de xeito pacífico pero constante, que un dos galegos máis universal dos anos 70, sexa recoñecido como corresponde, por haber conseguido que na España da época e nos lugares de acollida dos nosos emigrantes, (tanto de Europa como de América) se canta e bailara en galego, sen medo, sen vergoña e sen ser cas cantigas populares.

A figura de Andrés (Lapique) Do Barro, (1947-1989) un tanto esquecida nestes momentos, ven merece ser poseedor da Medalla de Galicia (a título póstumo) por conseguir naqueles momentos e naquelas circunstancias, ser NUMERO UN en popularidade e ventas de discos que hoxe forman parte do expositor musical galego e español.

Un cúmulo de cancións como "O tren" , "Corpiño xeitoso", "San Antón", "Pandeirada", "Teño saudade" , etc., siguen na memoria e na historial da nosa música que cun estilo único e inconfundible cubriron páxinas do panorama cultural da época.

Por elo, a Asociación Cultural e Deportiva "Comisión Festas da Guía" ven a solicitar da Corporación Municipal do Concello de A Guarda, para que os partidos políticos que a compoñen, que no vindeiro Pleno Ordinario, tomen os seguintes acordos:

1º).- Apoiar a solicitude da "Plataforma Medalla de Galicia para Andrés Do Barro" diante da Xunta de Galicia, a fin de que se recoñeza o traballo no eido da música que desenrrolou nos anos 70

2º).- Trasladar a mesma solicitude a Mancomunidade do Baixo Miño e de xeito individual aos concellos que a compoñen.

A Guarda, (Ribadavila), 15 de Xullo do 2.015

josé Elías Rebollar Vega

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **RE 4.719 DO BNG.- MOCIÓN SOBRE DEMANDAS DO NOVO HOSPITAL**

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O Sr. Baz Vicente da lectura da seguinte moción:

A Consellería de Sanidade adxudicou un contrato de 1.300 millóns de euros á Sociedade Concesionaria do NOVO HOSPITAL DE VIGO S.A. para proxectar, construír e explotar os servizos do hospital. O proxecto público custaba 400 millóns.

O novo hospital segundo a consellería tería 1.465 camas que engadidas ás 422 do Meixoeiro e as 117 do Nicolás Peña farían un total de 2.004 camas.

A realidade é ben distinta, o novo hospital abre con 845 camas, no Meixoeiro redúcense a 347 e no Nicolás Peña a 68, polo que disporemos 1.260 camas, é dicir 744 camas menos das prometidas e anunciadas.

A cambio dun hospital novo privatizado e recortado en tamaño e servizos, pechan o Hospital Xeral, o Cíes, o Rebullón e os Centros de Especialidades de Coia e Doblada, mantendo o concerto con Povisa.

Como consecuencia teremos menos sanidade pública e máis negocio para a sanidade privada. Farán negocio con todo incluíndo un novo copago, o parking de pago para usuarios e traballadores, sen teren articulado un sistema de transporte público, en condicións de equidade, que sexa unha alternativa real ao uso do vehículo privado.

Coa privatización e recorte de camas, desaparecen e precarizan moitos postos de traballo e como consecuencia darase un peor servizo á cidadanía.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. *Demandar da Xunta de Galiza a posta en marcha dun hospital 100% público, para o conxunto da cidadanía da Área Sanitaria de Vigo, con tódolos servizos, incluído o Laboratorio Central, e coa capacidade e recursos materiais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades presentes e futuras da nosa área sanitaria.*
2. *Demandar das autoridades competentes no transporte, a adopción de medidas que permitan establecer unha rede de transporte público especifico para o acceso aos Hospitais da nosa área sanitaria, especialmente ao Novo Hospital. Esta rede ten que garantir un sistema de transporte coordinado e intermodal, máis alá dos concellos onde residan as usuarias e usuarios, sexa na área metropolitana ou fora dela.*
3. *Apoiar, como Corporación Municipal a manifestación convocada pola Xunta de Persoal do SERGAS e co apoio de SOS Sanidade Pública, que se celebrará o día 3 de setembro, data na que pechará o Hospital Xeral, ás 8 da tarde desde diante das urxencias do H. Xeral, na rúa Pizarro en Vigo.*

Matiza, ó remate da lectura, que o horario de autobuses que fan o servizo dende A Guarda ó hospital é inoperativo.

ABRESE O DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira manifesta que está de acordo con algúns aspectos da moción pero ela comparte o modelo de xestión indirecta deste servizo.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O sr. Rodríguez Fariñas di que ía incorporar ó tema do horario dos autobuses pero xa foi engadido polo propio portavoz do BNG. Pide que se inclúa o tema da supresión do pago das peaxes xa que os usuarios deste novo hospital ó ir por Baiona están obrigados a circular por autopistas de peaxe.

A Sra. Ortega Martínez di que aprobaría a moción se se incorpora ó recoñecemento do Concello da Guarda á labor do persoal sanitario e á Xunta de Galicia por situar a Vigo con este novo hospital na cabeceira da sanidade en España. Enumera todos os servizos ofertados polo novo hospital e engade que, como non se vai aceptar esta proposta, van votar en contra da moción.

O sr. Alcalde di que van apoiar a moción ainda que hai alguna parte da mesma que é utópica xa que nos tempos actuais ó impensable un hospital 100% público. O tema do transporte público di que mellorará a partir de setembro con 5 liñas diarias, ainda así, dada a súa importancia, traballarán xunto co resto de concellos da Mancomunidade do Baixo Miño para mellorar todo o posible este servizo.

O sr. Baz Vicente di que incorpora á sua moción a solicitude de exencion do pago de peaxes os usuarios do hospital do xeito proposto polo portavoz de COnverxencia Galega, é dicir, solicítase que a Xunta de Galicia exima ós usuarios de todo o Baixo Miño do pago das peaxes por desplazamento ó hospital.

Sometida a votación a moción coa incorporación sinalada no parágrafo anterior **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Rodriguez FAriñas (once votos a favor) **coa abstención** da Sra. Iglesias Ferreira e **co voto en contra** dos Sres./as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez (Cinco votos en contra).

- **MOCIÓN RE 4740 DE FIBROMIÑO ASUMIDA CONXUNTAMENTE POLO GMS, PP E BNG.- SOBRE FIBRORMIALXIA**

O Sr. Alcalde convida á Converxencia Galega e a Ciudadanos de Centro Democrático a asumir esta moción como o resto das formacións que compoñen a corporación .

O sr. Rodriguez Fariñas e a Sra. Iglesias Ferreira di que as formacións que representan tamén asumen esta moción que pasa a ler o sr. Alcalde:

La Fibromialgía y el Síndrome de Fatiga Crónica (SFC) son patologías cada vez más frecuentes. La Medicina ha tardado mucho tiempo en definirlas y en diagnosticarlas, y hoy son consideradas enfermedades emergentes. Las personas que las padecen han recorrido un gran número de especialistas y les han realizado múltiples pruebas diagnósticas, normalmente sin obtener resultados claros.

Son procesos que deterioran gravemente la calidad de vida del que lo padece al ser procesos muy invalidantes. Estas enfermedades suelen instaurarse de forma progresiva, comenzando con problemas locales; dolores lumbares, dorsales, etc.,

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

para ir incrementándose hasta hacerse generalizados y se acompañan de otros síntomas diversos.

Los estudios y analíticas médicas tradicionales no ofrecen información de valor. En numerosas ocasiones reciben la opinión de "no tener nada" y se les orienta a ver un psiquiatra bajo la idea de padecer depresión.

Es cierto que la presencia de ansiedad o alteraciones del estado de ánimo están presentes pero son síntomas que acompañan a la sensación de agotamiento y dificultad para vivir una vida normal. Cada paciente tiene una forma de presentación individualizada de su enfermedad, cada uno tiene su "fibromialgia" o su "fatiga crónica" y la medicina actual sigue sin encontrar una causa.

Debido a las características de dichas enfermedades y a la inexistencia de una prueba específica para establecerla, esta tarda en ser diagnosticada entre cinco y ocho años. Los enfermos se ven obligados a un peregrinaje por distintas consultas médicas y a pasar por diferentes especialistas hasta dar con el dictamen.

Por todo ello la Asociación FM Unión y Fuerza, una organización sin ánimo de lucro de ámbito autonómico, ha puesto en marcha una Iniciativa Legislativa Popular, sobre protección social de los enfermos de Fibromialgia y Síndrome de Fatiga Crónica-encefalomielitis Mialgica, cuyo trámite inicial ha sido admitido en octubre del año anterior.

La demanda del colectivo es básicamente la inclusión en los baremos del Instituto de la Seguridad Social (INSS) de dichas enfermedades así como la creación de unidades multidisciplinares en la red sanitaria pública nacional y partidas de fondos públicos para la investigación así como que se agilicen los procesos de incapacidades, puesto que los afectados apenas pueden trabajar y la crisis actual ha enlentecido estos procesos.

Por todo esto solicitamos estos acuerdos:

PRIMERO: Dar apoyo al proceso de recogida de firmas que haga posible la discusión parlamentaria de una reforma de ley a través de la Iniciativa Legislativa Popular (ILP) impulsada por la Asociación FM Unión y Fuerza con el fin de que se incluyan la Fibromialgia y el Síndrome de Fatiga Crónica (SFC) en los baremos del Instituto Nacional de Seguridad Social (INSS) así como se creen unidades multidisciplinares en la red sanitaria pública nacional y se doten partidas de fondos públicos para la investigación, agilizándose los procesos de incapacidades.

SEGUNDO: Respaldar el proceso de recogida de firmas que se ha puesto en marcha.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

- **RE 4.765 DO PP SOBRE CREACIÓN DE PAXINA WEB PARA AVISOS E SUXESTIONS**

A sra Ortega Martinez le a seguinte a moción:

O noso Concello está cheo de desperfectos e carencias pola falta de mantemento nos últimos anos.Diariamente, ducias de persoas protestan por baldosas soltas, roturas, pavimentos en mal estado, camiños cheos de silvas, suciedade e multitude de problemas que nos afectan a todos.

Basta botar unha ollada ás redes sociais, e comprobar mediante as fotografías que os guardeses suben, que que o estado das nosas beirarúas e camiños se atopan nun estado lamentable. Moitas veces, o problema é puramentre estético, pero en outros casos, os motivos da foto-denuncia é avisar dun perigo ou risco inminente, o cal é de agradecer xa que entendemos que non se pode estar en todo.

Facendo bo uso dos medios que as Novas Tecnoloxías nos facilitan na actualidade, sería sinxelo aproveitar todo ese interese dos cidadáns por mellorar as cousas do noso concello, a través das súas notificacións vía Internet. ***Por todo o dito anteriormente, o Partido Popular pide:****Que o Grupo de Goberno poña en marcha unha páxina web que, mediante unha aplicación de móbil permita recoller e clasificar todas esas demandas, avisos e suxestións da cidadanía, para resolvelas eficazmente e con celeridade.*

ABRESE O DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira di que se é factible esta páxina apoiará esta moción xa que considera que será beneficiosa.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que vai votar a favor se os concelleiros vanpoder levar a cabo algunha labor de control.

O sr. Lomba Alonso recorda que na comisión de asuntos plenarios se lle dixo que o equipo de goberno xa estaba traballando na creación dunha aplicación para esto. Pregunta se esto vai suponer un sobrecusto ó Concello xa que a día de hoxe xa existe unha páxina web e quere evitar unha duplicidade. Pregunta tamén se os partidos políticos van poder levar algún tipo de control da mesma. En todo caso, engade que o BNG estará a favor de iniciativas que impliquen a participación e accesibilidade da cidadanía.

O sr. Alcalde pide ó PP que retire a moción. En primeiro lugar non lle gusta que se use a palabra “protesta”e que se cambie por “suxestións”. Sinala que o concello xa ten un portal de suxerencias que el procura contestar. Este portal non lle gusta moito o concelleiro de obras porque son innumerables as suxerencias que se reciben pero que lamentablemente non se poden realizar todos os arranxos e que hai que establecer prioridades.

Di que o PP rexistrou esta moción o día 21 de xullo e que o grupo de goberno xa andaba con este tema o día 13 do mesmo mes no que se aprobou un orzamento para a creación dunha aplicación móvil municipal. O maior debate desta aplicación xurde respecto a como se vai xestionar desde o Concello o apartado de suxerencias. Esta aplicación vai recoller suxerencias que van quedar rexistradas e que haberá que coordinar ós concelleiros para a rúa efectiva resolución. Anuncia que no prazo dun mes poderase disfrutar desta aplicación. Di que a aplicación custará uns 3.500

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

euros e cun mantemento anual de 400 euros. Remata dicindo que, por ser a proposta do equipo de goberno máis ambiciosa, pide ó partido Popular que retire esta moción.

A sra. Ortega Martinez pregunta se os concelleiros van a ter acceso a esas suxerencias ó que lle resposta o Alcalde que serán como ata o de agora.

O sr. Español Otero di que esta aplicación pretende ser unha ferreamenta de traballo facilitando a participación da cidadanía e que non vai funcionar en ningún caso como un "altavoz".

A sra, Ortega MArtinez di que retira a moción pero anuncia que se non lle satisfae a apliación municipal volverá presentala.

A moción queda retirada

- **RE nº 4.809 do BNG .- MOCIÓN SOBRE O GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL**

O sr. Lomba Alonso le a seguinte moción:

O labor que está realizando o Grupo de Emerxencia Supramunicipal (G.E.S.) é, como todos sabemos, un labor fundamental para a nosa localidade e para boa parte da comarca do Baixo Miño.

Esta agrupación situouse estratexicamente na nosa localidade pola longa distancia que hai dos servizos de emerxencias existentes. Isto ten que facernos reflexionar sobre a importancia deste servizo e sobre a dimensión que temos que darlle tanto na localidade como no resto da comarca.

Dende o BNG consideramos que o servizo está nunha situación preocupante que podemos dividir en tres aspectos fundamentais: o financiamento, a formación e a dotación do servizo.

Os problemas que estamos detectando van moito máis aló da realización dunha ordenanza para o financiamento deste servizo tan como puidemos ler en diferentes medios de comunicación. A falta de financiamento non pode quedar nesta medida, existen máis medidas a ter en conta como a implicación de concellos limítrofes, consellerías como a de Medio rural, así como a propia UNESPA (Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras) e por suposto, a mellora do actual convenio que expira a finais deste ano.

A formación é un aspecto moi importante para este tipo de colectivos. Así, puidemos comprobar como os membros do G.E.S. están realizando formación pola súa conta e cun custo económico elevado dado que teñen unhas retribucións bastante baixas para a responsabilidade e o servizo que realizan. Somos coñecedores da existencia de convenios de colaboración para formación na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), chegando a realizarse na propia localidade e a custo "0" para o concello.

Outro dos piares fundamentais para o funcionamento do G.E.S. é a dotación de material: nestes intres os membros deste grupo están traballando con material totalmente desfasado, realizando servizos cun vehículo que non reúne as condicións idóneas para realizar un traballo con garantías. Preténdese que realicen saídas

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

forestais cun vehículo urbano. A falta de embarcacións é incomprensíbel cando o G.E.S: ten case 50 km de costa entre mar e río.

O BNG está profundamente preocupado por esta situación, xa que nin tan sequera teñen mangueiras en condicións óptimas para o seu uso, as roupas son dunha calidade moi inferior a necesaria, chegan a ter que compartir máscaras, algo totalmente antihixiénico, ou, o que é gravísimo, ter que mercar comunicadores cos seus propios cartos sabendo que a comunicación para este persoal é imprescindíbel no medio de calquera operativo no que se están a xogar a vida.

Pero dotación son tamén os equipos informáticos que ou son propios ou moi antigos, non existen comunicacións por internet de calidade, así como o propio mobiliario das instalacións.

A situación pola que está atravesando o G.E.S. da Guarda é resultado dun constante desleixo e falta de atención do goberno do PSOE desde o momento no que se puxo en marcha. A realidade afecta a todas as facetas do servizo, comezando pola propia coordinación entre o grupo de goberno e o G.E.S., dado que a persoa que realiza este labor de coordinador non pertence ao grupo de emerxencias, algo que non se entende sendo os membros do GES os coñecedores primeiros do que sucede en cada momento.

Estamos a falar que o Grupo de Emerxencias Municipais é un grupo de profesionais que teñen que dedicar todo o seu tempo a realizar labores tan importantes como prevención, revisión de bocas de rego, busca de hidrantes, asesoramento en proxectos de urbanización de rúas, revisión de sotos e edificios, instalacións de empresas con tanques de combustíbeis perigosos, entre outros ... Pero tamén unha faceta importante como é a educativa indo polos centros escolares, sen descoidar algo que é imprescindíbel para unhas actuacións efectivas como son o adestramento nos protocolos de actuación que teñen deseñados.

En definitiva, falamos de dotar en todos os aspectos ao GES da Guarda dende o organigrama até o último metro de mangueira.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

O Concello da Guarda estabelecerá instrumentos de financiamento que aseguren o funcionamento do G.E.S. da Guarda. Para iso, iniciará contactos con diferentes entidades, concellos limítrofes, Xunta de Galiza, Deputación de Pontevedra, Consellería de Medio Rural, UNESPA na procura de tal financiamento.

O Concello da Guarda asegurará un mínimo de horas de formación do equipo do GES, procurando acordos coa Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

O Concello da Guarda procurará a dotación de vehículos terrestres e acuáticos, para o desenvolvemento dos labores de intervención do G.E.S. da Guarda.

O Concello da Guarda dotará aos membros do G.E.S. de equipos de extinción, comunicadores, así como todo o material necesario para a realización do seu traballo.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O Concello da Guarda estabelecerá un novo organigrama de coordinación entre o goberno municipal e os membros do GES, tendo como mínimo un representante elixido polos traballadores.

Putualiza que o problema vai mais alá da creación dunha ordenanza xa que, segundo o seu grupo, o problema radica na forma de xestionar este servizo por parte do equipo de goberno. Engade que se este asunto é competencia da Xunta de Galicia haberá que traballar para que asuma a súa parte. Di que se existira boa vontade por parte do Grupo de goberno o servizo podería mellorar. Engade que o propio GES propuxo as solucións na memoria presentada no Concello.Di que o GES non está para facer traballos de obra senon para as emerxencias e pide o apoio a esta moción. Remata aludindo á entrevista do Alcalde na radio n

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que lle parece unha moción clara que conta co apoio do Grupo de Emerxencias Supramunicipal e que polo tanto vai votar a favor.

O sr. ROdriguez Fariñas comparte o criterio do BNG. Manifesta ó seu apoio ás pretensións do colectivo que representan os traballadores do GES. Considera o Xefe da Policía Local non é a persoa axeitada para coordinar este servizo e comparte o criterio dos traballadores de que deben ser coordinados por un membro da propia agrupación. Reitera que, dende o seu punto de vista, os traballadores do Ges deberían pasar probas sobre as condicións físicas e mentais con carácter periódico, xa que entende que algúns deles poderían non estar capacitados para intervir en emerxencias. Pide que o lugar no que se ubica a sede do GES de destine só a ese servizo e non a taller ou depósito de todo o municipio. Pide a implicación dos demais concellos para o mantemento deste servizo.

A sra. Ortega Martinez di que van a apoiar a moción e que hai que traballar para conseguir un novo clima de implicación de todos os grupo s políticos na continuidade do GES.

O sr. Español Otero di que non comparte a mayoría da exposición de motivos da moción. Respecto da coordinación do servizo di que é o 112 quen coordina ó GES e non o Concello da Guarda cando hai incendios forestais. O Concello da Guarda só coordina cuestión ordinarias. Respecto da falta de algunas mangueiras á que alude ó BNG informa que el non tiña constancia deste feito e que en canto se entereu encargounas. Respecto da roupa dos efectivos do GES sinala que foi escollida por eles mesmos.Recoñece que hai carencias pero que se está traballando para mellorar e que supón un enorme esforzo pola falta de implicación da Xunta de Galicia. Respecto da coordinación, informa que o GES está distribuido por grupos de 3 membros e nomeuse un responsable de cada un deles e despois nomeouse interlocutor entre eles é o Concelleiro ou Alcalde ó Xefe da Policía Local.

O sr. Alcalde pídelle ó sr.Lomba Alonso que sexa mais preciso respecto do que dixo da súa entrevista na radio.

O sr. Lomba Alonso sinala que non comparte a apelación que se fixo nesta sesión sobre o xefe da Policía Local. Pide o Concelleiro delegado que lea a memoria presentada polos GES porque ofrece vías de traballo. Recórdalle ó Alcalde que dende as eleccións non pasou pola base a presentarse como tampouco pasou o concelleiro delegado. Fai unha alusión a un convenio co Concello de Oia do que

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

debería ter coñecemento o Concello da Guarda. Respecto do que quixo dicir sobre a entrevista na radio explica que lle pareceu máis unha actitude de reproche hacia os demais en lugar de buscar complicidade e vías de solución.

O sr. Alcalde aclara o que dixo na entrevista que cita textualmente: "... para eso iniciará contactos con diferentes entidades, concellos limítrofes e Xunta de Galicia para buscar financiación". Aclara que os GES é unha competencia impropia do Concello pero que se necesita este servizo e non se ten auxilio da Xunta de Galicia. O que se pretende é axuda para financialo porque se trata dun servizo supramunicipal.

O sr. Español Otero responde ó Sr. Lomba Alonso respecto da alusión que fixo a un convenio co Concello da Oia que se reuniron cos concellos vecinos para axudar a sufragar os gastos que supón o GES propoñendo que o Concello do Rosal aportara 10.000 euros, o Concello de Tomiño 10.000 euros, o Concello de Oia 10.000 euros e o Concello da Guarda 20.000 euros. Manifesta que estes Concellos non están sendo nada solidarios con Concello da Guarda e que se negaron a colaborar no mantemento do GES.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **MOCIÓN DE URXENCIA DO CCD SOBRE O ESTACIONAMENTO GRATUITO NO HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO**

A sra. Iglesias Ferreira le a seguinte moción:

Ante las informaciones aparecidas en los medios de comunicación en relación a las tarifas que deberán abonar los trabajadores y los usuarios del nuevo hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, hospital de referencia para los vecinos y vecinas de A Guarda, además de la información ofrecida por la concesionaria, tal como se lo comunicaba la dirección de personal del área sanitaria a los trabajadores, desde CCD nos posicionamos en contra de que ya no solo los trabajadores y la plantilla tengan que abonar el aparcamiento en su centro de trabajo, si no que es incomprensible que los propios usuarios, enfermos, familiares o visitas tengan que hacerlo, cuando además otros hospitales del área de Vigo, como el Meixoeiro o el Hospital Xeral cunetan con aparcamiento propio o cercano gratuíto. Todos sabemos que crear líneas de autobús es necesario, pero no suficiente, los horarios muchas veces no son compatibles con quienes trabajan o tienen responsabilidades y tienen que acudir a una cita médica, o con los horarios de visita a los enfermos, incluso cuando se pasa la noche con un paciente.

Por todo ello, SOLICITAMOS AL PLENO:

su apoyo, para que se inste a la Xunta de Galicia, al SERGAS o a quien tenga competencias para que el nuevo hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo cuente con

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

aparcamiento gratuito, tanto para la plantilla de trabajadores como para los usuarios, pacientes, familiares y visitas.

A Guarda a 23 de Xullo de 2015

Fátima Iglesias Ferreira
Concelleira CCD

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

PUNTO 8.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS E PREGUNTAS DE CCD: A sra. Iglesias Ferreira fai os seguintes rogos:

Pide copia do CD do PXOU. O Alcalde lle contesta que xa hai orde para entregarlla nestes días.

Pide que se arranxen as farolas do Castelo de Santa Cruz porque se romperon por actos vandálicos e que se corrixan puntos perigosos neste recinto.

Pide que vexan o estado dos contenedores na entrada da Praza de Abastos pola rúa Julian Lopez.

Di que nalgúns puntos da Gándara non se recolle o lixo entre semana. O sr. Rodriguez González respóndelle que ós veciños que fan esa demanda están tendo un servizo superior ó normal xa que se lle está recollendo o lixo dúas veces por semana cando chegaría con unha recollida á semana.

Di que o entorno da piscina cuberta é perigoso porque falta unha tapa na rede de sumidoiros.

Di que na Avda. Donantes de Sangue hai pulgóns nalgunhas plantas.

Di que a rúa Brasil está en moi mal estado.

Pide acceso á acta da última Xunta de Goberno Local.

Pide que se designe ó representante do grupo Mixto no PAdroado Municipal de Santa Trega para a reunión do dia 31 de xullo de 2015.

O sr. Alcalde responde a este último rogo que o Alcalde prefire que sexan os membros do grupo mixto quenes designen o seu representante nas diferentes comisións pero que se non é así traerá unha proposta ó próximo plano.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

(Abandona a sesión a Sra. Iglesias Ferreira)

ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA: O Sr. Rodríguez Fariñas fai os seguintes rogos:

Pide que se adecente unha finca que está no acceso ó Castillo da Santa Cruz pola rúa Puerto Rico.

Sinala que existe unha mala conducta na recollida de lixo dalgúns restaurantes e pide que se aplique a ordenanza que recolle un procedemento sancionador.

Pide unha lista daquelas empresas que piden autorización para a ocupación de espacio público para colocar carteis na que se indique a cantidade que pagan e por canto tempo. Pide a aplicación da ordenanza.

Pide un informe sobre as indemnizacións das 21 licenzas sobre a cantidade das mesmas e sobre os intereses de demora. O Alcalde lle contesta que pode ir ó departamento de intervención e requerilo alí.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG: O sr. Baz Vicente fai os seguintes rogos e preguntas:

O sr. Baz Vicente fai os seguintes rogos e preguntas:

1. Rogamos se tomen medidas sobre as ramplas da praia da Armona, dado que as táboas están soltas, a madeira podre, incluso temos parafusos tirados cos que se pode ferir calquera.
2. Solicitamos que se realicen canto antes as ramplas do Pirún.
3. Que dispositivo de tráfico se preparou para a festa das Tradicións Mariñeiras? Por que había coches aparcados en zonas onde estaba prohibido? Solicitamos que se tomen as medidas para que non se volva repetir.

Resposta: A Policía Local tentou por todos os medios regular o estacionamento no Porto da Guarda pero non foi posible evitar o problema do estacionamento. Non obstante, recórdeselles que as competencias nesa zona é de Portos de Galicia.

O sr. Lomba Alonso fai os seguintes rogos e preguntas:

1. Solicitamos a realización dun paso de peóns elevado (coñecido como “garda tumbado”) no tramo entre a alameda e o campo de Fínola. Os veciñ@s quéixanse dda velocidade dos vehículos.
2. Solicitamos a limpeza do transversal Donantes de Sangue.
3. No seu momento presentamos un escrito sobre a limpeza e arranxos na zona de Solanas. Vaia por diante que o escrito non foi contestado, tónica habitual na pasada lexislatura e que esperamos que non sexa norma na presente. Que se fixo até agora?

ROGOS E PREGUNTAS DO PP: A sra. Ortega Martinez fai os seguintes rogos e preguntas:

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

1) Evolución do turismo na Guarda.
Sabemos que, segundo datos do Instituto nacional de Estatística, o turismo en España, e concretamente en Galicia no mes de Xuño medrou respecto ao mesmo mes do ano 2014 nun 18%. Gostaríanos saber se tamén o concello ten datos sobre a evolución do turismo na Guarda. (Pode ser orientativo un chequeo ao nº de visitantes ao Monte Sta Trega, ao Museo do Mar, enquisas a restaurantes e hoteis, asistentes á Festa da Lagosta, reconto de vehículos ou visitantes das praias, etc)
¿Increméntase o turismo como na media do resto de concellos?
Parécenos adecuado facerlle un seguimento, para mellorar as campañas de promoción de A Guarda.

Resposta: ***O MELLOR VERÁN DENDE HAI CINCO ANOS***

Imos contestar esta pregunta trasladando o parecer dos diferentes sectores: restauración, hostelería, sector da alimentación, oficinas de turismo, museos, comercio... Todos eles coinciden en resaltar os bos resultados do mes de xuño e o bo funcionamento dos meses de xullo e agosto.

Excelentes de porcentaxes de ocupación.
Hai hoteles que manifestaron unha ocupación nos meses de verán do 100% e outros que tiveron un incremento do 50% respecto da ocupación do ano anterior.

Magníficos datos nos Museos.
No Museo do Mar o número de visitantes incrementouse nun 50% respecto aos datos do ano anterior.
No MASAT superouse a cifra de 10500 visitantes no mes de xullo e outras actividades como son as visitas guiadas no Monte aumentaron nos meses de verán nun 23%, mesmo crecemento que acadou a oficina de Turismo do Porto no mes de xullo.

En resumo:
A resposta xeneralizada é moi satisfactoria, sempre con excepcionalidades, pero pode resumirse en que "empezamos traballando moi ben xuño, xullo, traballouse como se fose agosto e agosto ofrece uns resultados excelentes".

2) Xa sabemos que hai algún que outro cartel da Deputación na estrada de Baiona e perto do tanatorio de Tui coa reseña do castro de Santa Trega, pero ...
¿Onde están ubicadas as vallas publicitarias do concello anunciando e invitando aos turistas a visitar a nosa vila?

¿De qué xeito se promoveu o turismo este ano?
¿Cal foi a campaña que se fixo?

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Resposta: ***A melloría tamén proven do traballo de promoción realizado polo concello e que agora se están vendo os resultados" non son palabras do concello,, son as verbas dun veciñ@ da vila.***

Dende logo as vallas ou carteis da Deputación non reflicten un mínimo de calidade, esperamos que a nova Deputación as substitúa canto antes; Hai unha valla permanente do concello á entrada da Guarda por Baiona houbo, en diferentes momentos do ano, vallas publicitarias da Guarda en diferentes municipios da provincia de Pontevedra.

Necesitaríamos varias páxinas para contestar ao resto das preguntas, unicamente dicir que hai unha campaña que desenvolve diferentes rutas gastronómicas e diferentes eventos durante todo o ano.
En todos eles participou moitísima xente, mellorando as expectativas e previsións sobre as que se traballaba.

3) Faltan días, case horas, para que comece a festa do monte, e os populares nos preocupa o aumento de actos vandálicos que se producen na Guarda neste últimos tempos, especialmente mención teñen as pintadas no Centro Cultural. Como outros anos se producen acampadas nas inmediacións, sabemos que iso deteoraría moito más o mal aspecto que teñen as instalacións que rodean o Centro Cultura. ¿ Va a permitir o Goberno local que se acampe nun dos atractivos turísticos da Guarda? ¿que se vai a facer para controlar os actos vandálicos nas noites da Guarda? Se borrarán as pintadas que afean a nosa vila? Se van a poñer baños na zona de alameda durante as festas?

Resposta: O Goberno Local intentará polos seus medios dispoñibles que non se acampe dentro do recinto do Centro Cultural durante as Festas do Monte. Respecto dos actos vandálicos, o Goberno Local estará dispoñible, dentro das súas posibilidades, para atender calquera intervención que se produza neste sentido, Estamos coordinados cos responsables da Guardia Civil para realizar vixiancia durante as festas. De todos modos, confiamos que sexan unhas boas festas para todos e que non se produzan altercados. Respecto das pintadas, se non están borradas xa, está encargada a limpeza da parede onde están as pintadas no Centro Cultural. Vanse poñer baños na zona da Alameda e no cumio do Monte Santa Trega.

4) ¿Por qué non hai un Plan Integral de limpeza na Guarda?
Queremos saber por que non se limpan as beirarrúas coas máquinas adecuadas. Sabemos que no pasado houbo unha maquina hidrollimpadora similar a de moitos concellos, ¿onde está?
Este verán, recibimos moitas queixas sobre a limpeza das rúas e beirarúas, que están asquerosas e aínda coas manchas de viño da Festa do Monte pasada.
Non é que poñamos en cuestión aos traballadores da limpeza, que fan o que poden, senón de utilizar os medios adecuados. Se non temos eses medios, poderíanse alugar, poque é importante para os guardeses que vivimos aquí, e para os turistas que nos visitan que as rúas están limpas. Un concello limpo é máis agradable para vivir nel.

5) ¿Cal é a situación actual do voluntariado de Protección Civil?

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

¿Está preparado para saír a facer calquer actuación que son propias de unha agrupación municipal de Protección civil? e se non o está, ¿cando ó vai a estar?
¿Existe un coordinador interno dentro da agrupación?
¿Están debidamente rexistradas as persoas voluntarias que están traballando na actualidade?

6) En moitos sitios, como na rúa Circunvalacion as barandillas de protección de caída a distinto nivel das beirarúas, están completamente podres no anclaxe co pavimento. Isto non é unha cuestión estética senón un auténtico perigo.
¿Cando se van a reparar as patas desas barandillas?

Resposta: Tan pronto como sexa posible

7) A próxima semana están previsto o eventos Galifornia Beat, nas inmediacións do Museo do Mar, organizado por SKAT 360 ARDING de A Guarda. Nese lugar, o estado do terreo é lamentable e as instalacións de skate e o mobiliario dos xogos infantís están destrozados.
¿Pensan tomar algunha medida ao respecto, ou imos a seguir dando a mala imaxe de de total abandono por parte do goberno municipal?

Resposta: O envento de California Beat prevemos sexa un gran evento de Xuventude e que vaia ser un dos eventos con máis interese dentro deste verán 2015. Para isto, retiraranse todos os elemento que estean en mal estado na zona do parque, se adecentará a mesma zona para que sexa do agrado dos visitantes ó mesmo. Ademais de facer inversións e arreglos na zona das pistas de skate.

8) O noso grupo, os Populares de A Guarda, apoian a creación dun gran parque de ocio e esparcimento para todas as idades. Actualmente atopamos varios pequenos parques infantís e con aparatos biosaudables, como é o caso do parque de Fedorento, o do Museo do Mar, o que hai detrás da urbanización Riomiño e o do Centro Cultural.
¿Ten pensado o GMS eliminar, adecentar ou modernizar estes parques?

Resposta: si

9) Na praia de Fedorento hai un verquido de fecais directamente ao mar na zona de debaixo da pasarela de madeira. Isto leva meses así sen que o goberno non faga nada, a pesares das notificacións que lles fixeron. Un verquido desas características, pasa a ser de unha simple neglixencia a un delito ecolóxico.
¿Pensan arranxar o problema? ¿Cómo e cando?

Resposta: estase a traballar na localización e procedencia do mesmo

10) Recentemente celebróuse cun notable éxito a XXV Festa da Lagosta.
¿Cómo explica a responsable de Turismo que só houbera 4 restaurantes na carpa, cando hai anos xuntábanse máis de unha ducia?

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Resposta***: A Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira que este ano celebraba o seu vixésimo quinto aniversario, conta co recoñecemento de ser Festa de interese turístico de Galicia. Foi todo un éxito, contou cunha gran afluencia de público, moita satisfacción nos restaurantes que participaron directamente no interior da carpa e gran satisfacción por parte do resto de restaurantes ubicados no Porto. Seguramente a mellor edición dos últimos anos.***
Participan os restaurantes que queren e que cumpren uns mínimos requisitos, xa que hai establecido un proceso de contratación público, procedemento que se comunica a todos os restaurantes.

11) No último pleno extraordinario, se presentou as funcións do equipo de Goberno, asumiendo a Sra Magallanes, funcións de Tenente de Alcalde ademas de concelleira de áreas moi importantes como a económica e a de turismo. Sabemos e felicitamos o seu nombramento como Deputada pronvincial, pero nos preguntamos, no caso de dediciación a Deputación que vai a pasar no grupo de Goberno con esas áreas? As asume outra persoa? Van a seguir con dedicación parcial no concello? Nos preocupa que estas áreas de tanta importancia para o concello queden desatendidas.

Resposta: .- ***Agradecemos a súa felicitación, pero non compartimos a súa preocupación.***
Hai un escrito no R.E. de renuncia das retribucións que percibía a concelleira con cargo aos orzamentos municipais, con efecto a partir do 1 de agosto.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 01.10 horas do día vinte e nove de xullo de 2015 da que eu como secretario dou fe.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es